



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 13 DE XULLO DE 2015

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, Segunda Representante do Concello de Ferrol.
- Concello de Mugardos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, Alcalde.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Asistídos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Vázquez Fernández e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Situación do expediente de contratación do servizo de xestión de residuos voluminosos.

Preséntase aos membros do Pleno a seguinte documentación:

- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Pregos de Prescricións Técnicas.
- Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales sobre o recurso presentado aos pregos.

Dáse conta da situación de prórroga do actual contrato para a prestación do servizo de xestión de residuos voluminosos, aprobada en virtude do acordo adoptado polo pleno da Mancomunidad de 13 de abril de 2015, e infórmase de que o procedemento para a adxudicación dun novo contrato pode reanudarse á vista da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se desestima o recurso presentado contra os pregos deste procedemento.

2. Presentación de informe de cumplimento de plazos da Ley 15/2010 no primeiro trimestre de 2015.

Preséntase aos membros do Pleno informe de cumplimento de plazos da Ley 15/2010 no primeiro trimestre de 2015.

3. Dar conta da liquidación do orzamento do ano 2014.

Dáse conta da liquidación do orzamento de 2014, de cuxo expediente se entregan os seguintes documentos:

- Decreto de aprobación.
- Informe sobre estabilidade orzamentaria.
- Informe de intervención.

En relación con este asunto, solicítase que no seguinte pleno se informe sobre as débedas dos concellos coa Mancomunidad.



- 4. Ratificación da solicitude realizada ao abeiro da ORDE do 24 de abril de 2015 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, cofinanciadas parcialmente co FSE, e se convocan para o ano 2015.**

Preséntase aos membros do Pleno a memoria do proxecto solicitado á Xunta de Galicia ao abeiro da referida orde, e o informe do xerente da Mancomunidade de 13 de xullo de 2015 sobre as achegas municipais ao proxecto.

Examinado o decreto do Presidente da Mancomunidade 28 de maio de 2015 que literalmente di:

"Vista a ORDE do 24 de abril de 2015 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, cofinanciadas parcialmente co FSE, e se convocan para o ano 2015.

Considerando que o prazo de presentación de solicitudes a esta convocatoria remata o 5 de xuño de 2015.

RESOLVO:

1. *Solicitar a subvención e aceptar as condicións e requisitos establecidos na referida orde de 24 de abril de 2015.*
2. *A presente resolución será sometida a ratificación polo Pleno da Mancomunidade na primeira reunión que celebre.*

As persoas asistentes acordan por unanimidade:

1. Ratificar a resolución arriba transcrita.
2. Cada concello comprometerase mediante acordo do órgano competente a realizar a achega correspondente ao financiamento do proxecto conforme o seguinte cadro:

Distribución de achegas (Oficina Local de Fomento Cooperativo II)			
Concello	Poboación (Padrón 2014)	%	Achegas
Ares	5741	3,65%	58,44 €
Cabanas	3294	2,10%	33,53 €
Cedeira	7147	4,55%	72,75 €
Fene	13498	8,59%	137,40 €
Ferrol	70389	44,78%	716,50 €
Mugardos	5417	3,45%	55,14 €
Narón	39574	25,18%	402,83 €
Neda	5327	3,39%	54,22 €
Valdoviño	6796	4,32%	69,18 €
Total	157183	100,00%	1.600,00 €



5. Posta en marcha do Programa “Territorio de Emprego 2015-2016” (Cedeira, Narón e Valdoviño)

Preséntase aos membros do Pleno a memoria do proxecto Territorio de Emprego 2015-2016”, para o cal foi concedida subvención ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2015 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2015 e 2016, e dáse conta do decreto polo que se aproban as bases para selección da/o técnica/o responsable do Proxecto.

Por parte dos respectivos alcaldes determináse que as seguintes persoas integrarán a comisión de selección:

- Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón
- Eva Pérez Álvarez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Cedeira.
- Senén Martínez Prieto, Técnico de xestión económica do concello de Valdoviño.

6. Posta en marcha do Convenio asinado coa Xunta de Galicia para a promoción do destino turístico Ferrolterra.

Preséntase aos membros do Pleno o convenio asinado coa Xunta de Galicia con data 18 de xuño de 2015, a Memoria de actuacións propostas para o Convenio, e o orzamento actualizado con indicación das achegas dos concellos integrantes da Mancomunidade ao convenio.


O xerente expón que a execución do proxecto debe iniciarse de maneira inminente tendo en conta que o prazo de xustificación remata o 20 de outubro, para o cal neste momento se están estudiando ofertas de varias empresas, concretamente da empresa ICE Galicia para o servizo de coordinación, da empresa Promove para a configuración do produto Turismo Slow, e da empresa Goodlife Turismo y Deporte para o deseño do producto turístico Surf.

En relación con este asunto, solicítase que sexa convocada unha reunión para tratar de forma exclusiva a xestión turística do territorio.

7. Posta en marcha de proxectos subvencionados pola Deputación nos eidos de turismo, deporte inclusivo e emprego.

Infórmase sobre os seguintes proxectos para os cales se dispón de subvención do 100% concedida pola Deputación:

Convocatoria	Proxecto	Importe concedido
Programa FOAYAA: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para actividades de promoción económica durante o ano 2015	Programa Re-emprende: iniciativa e sustentabilidade	6.200,00 €
Programa FO101: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de actividades deportivas , durante o ano 2015	Plan de actividade física e deportiva inclusiva 2015	4.150,00 €
Programa FO102: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos	Equipamento para actividade físico-deportiva inclusiva	6.499,89 €



deportivos , durante o ano 2015		
Programa FOAXCA: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o mantemento de servizos sociais durante o ano 2015	Transporte adaptado para a realización de actividade física e deportiva inclusiva	19.980,00 €
Programa DP0007: convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para actividades de promoción dos recursos turísticos dos concellos e dinamización da súa zona de influencia durante o exercicio 2015.	Comercialización e posta en valor do destino turístico Ferrolterra	3.990,00 €
Programa DP0006: convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos en promoción turística durante o exercicio 2015	Aplicación turística móvil do destino Ferrolterra	6.666,00 €
TOTAL		47.485,89 €

Respecto ao programa FOAYAA o xerente explica que os proxectos no eido do emprego son definidos a través do grupo de traballo que forman os AEDLs e orientadores laborais dos nove concellos.

Respecto aos programas FO101 e FOAXCA o xerente informa da intención de colaborar fundamentalmente con ADM, COGAMI, Vida Activa, Grupo Diversidade Funcional e ASCM S.L., e de promover a participación de todas as entidades do eido da diversidade funcional.

Respecto ao Programa DP007 o xerente indica que a subvención será empregada para a promoción turística das paisaxes fortificadas de Ferrolterra, baseada no significado histórico de castelos e baterías militares ao longo da nosa costa.

8. Impulso e seguimento de servizos e proxectos

O xerente informa sobre o estado do proceso para a posta en marcha do punto limpo de Vilar do Colo, respecto ao cal se acorda estudar as fórmulas para a súa culminación.

En relación co saneamento, trala deliberación das persoas asistentes, acórdase tratar este asunto nun pleno monográfico.

9. Rogos e preguntas

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as quince horas, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidad



Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario da Mancomunidad



Asdo: Leopoldo Moure García